



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

NORMAS DE COMPETICIÓN GRUPOS-SHOW DEPORTE ESCOLAR

1. Participación:

- Poderán inscribirse nesta competición de grupos show todos los centros de enseñanza, entidades, APAS, clubes, escolas deportivas municipais, etc.
- Os equipos poderán ser masculinos, femininos ou mixtos indistintamente.
- Cada colexio soamente poderá participar cun grupo por modalidade.
- Cada patinador só poderá patinar unha vez por competición, isto significa que non se permitirá que un mesmo patinador participe en grupos grandes e en pequenos na mesma competición.
- Cada entidade participante ten a obrigaón de designar un delegado, que será o responsable dos seus patinadores durante o transcurso da competición.

2. Categorías

PRIMARIA	9-10-11 y 12 anos
SECUNDARIA	13-14-15 y 16 anos

3. Modalidades

GRUPOS PEQUENOS	Entre 6 e 12 patinadores
GRUPOS GRANDES	16 ou máis patinadores

4. Duración dos programas:

CATEGORÍA	TEMPO MÁXIMO	MARXEN PERMITIDA
Grupo PEQUEÑO	3 minutos	+/- 10 segundos
Grupo GRANDE	3 minutos	+/- 10 segundos



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

5. O programa deberá de ser presentado obrigatoriamente en formato CD. Todos los clubes e entidades participantes deberán dispoñer dunha copia do CD por si o orixinal presentase problemas á hora da súa reprodución.
6. O tempo empeza a contar desde o primeiro movemento de calquera dos patinadores do grupo. En calqueira caso, a coreografía debe comenar dentro dos 10 segundos desde que a música escomezase.
7. O tempo do que dispoñen os grupos para entrar na pista a competir é de 30 segundos desde que son anunciados pola megafonía ata que comenza a soar a música. Unha vez transcorridos os 30 segundos, dará comenzo a música, esté ou non o Grupo-show en posición.
8. Da patinaxe individual no están permitidos os saltos con máis dunha volta de rotación. Soamente se permiten piruetas altas e baixas sen desprazados.
9. Non está permitido a Patinaxe de Parellas de Artística.
10. Permitense os elementos ou pasos realizados en posición estacionaria. Sen embargo, os programas que conteñan movementos estacionarios excesivos recibirán unha menor valoración.
11. A principal actuación dun GRUPO-SHOW, debe ser o show, non a patinaxe de precisión. A principal diferenza entre estos dous tipos de grupos é que os GRUPOS DE PRECISION amosan na súa actuación un estandar exclusivamente técnico coa execución duns elementos obrigatorios, mentras que os GRUPOS-SHOW son, como define a palabra en inglés, ESPECTÁCULO.
12. Os GRUPOS-SHOW deben interpretar na súa actuación unha MÚSICA e unha IDEA, de xeito que tanto o público coma os xuíces, se percaten claramente de que o tema está en relación co título da actuación.
13. Os participantes sen patins non están permitidos.
14. Non hay limitación na elección da música, pero a patinaxe, vestuario, movementos e demais accesorios ou complementos, deben estar en consonancia coa idea, a música e o título do programa elixido.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

15. As decoracións teatrais non están permitidas. Só se permiten accesorios ou complementos que garden unha relación directa e unha harmonía co contido do programa. Os accesorios que se aguanten de pé por si mesmos non están permitidos. Isto significa que todos os accesorios están permitidos sempre e cando sean usados, estén suxeitos ou sexan tocados por un ou máis patinadores. **ACLARACIÓN:** Non está permitido deixar un accesorio de pé sobre a pista só. Si o/os patinadores queren abandonar o/os accesorios, deixaranos contra a vaya ou fora da vaya.
16. Non existe limitación para o uso de trozos de tela.
17. As máquinas de néboa non están permitidas.
18. Xunto coas inscricións, cada grupo-show deberá remitir unha explicación de non máis de 25 palabras describindo o programa que van a presentar. Estas descripcions serán entregadas ós xuíces e serán leídas pola megafonía mentras o grupo está entrando en pista.
19. Esta prohibido presentar un mesmo programa con diferente número de patinadores para grupo pequeno e para grupo grande nunha mesma competición.
20. XUICES:
 - Os xuíces serán designados pola Federación Galega de Patinaxe.
 - Os xuíces non poderán falar con nadie que non sexa o resto do xurado durante a competición.
 - Os xuíces sentaranse sempre ó longo do eixe lonxitudinal da pista nunha posición elevada.
 - Deberá manterse unha zona vacía o redor do xurado, de forma que este quede aislado do público asistente.
 - No caso de que durante a competición de Grupos-show haxa un descanso, os xuíces deberán permanecer unidos e aislados. A organización destinará un lugar donde poder reunirse sen falar da competición.
 - O Xuíz Arbitro será a única persoa do xurado que poderá atender calqueira cuestión relacionada coa competición, e nunca para comentar nada en relación cos Grupos-show que patinaran ou que aun teñan que patinar.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

21. PUNTUACIÓN:

- Valorarase según o sistema de puntuación que valora a actuación do grupo do 0 ó 10

0	Non patinado
0,1-0,9	Extremadamente malo
1,0-1,9	Moi pobre
2,0-2,9	Pobre
3,0-3,9	Defectuoso
4,0-4,9	Baixo promedio
5,0-5,9	Promedio
6,0-6,9	Satisfactorio
7,0-7,9	Bo
8,0-8,9	Moi bo
9,0-9,9	Excelente
10	Perfecto

- Otorgaranse dous puntuacións:

A) Contido do programa:

- Orixinalidad
- Dificultades técnicas
- Ritmo
- Coreografía
- Ocupación do espacio

B) Presentación:

- Idea
- Armonía entre movemento e música
- Adecuación do vestiario coa natureza do programa
- Creatividade

DATAS

FASES PROVINCIAIS (CATEGORIAS PRIMARIA E SECUNDARIA)

FEBREIRO-MARZO

GALEGO (CATEGORIAS PRIMARIA E SECUNDARIA)

ABRIL (LUGAR DE CELEBRACIÓN: LUGO)